

Dixeches censura? Aínda hai? Did you say “censorship”? Does it still exist?

José Sixto García¹

RESUMO

A traxedia que sufriron os montes galegos en 2006 – segundo a Consellería do Medio Rural arderon 90.000 hectáreas – ocupou as primeiras páxinas dos nosos xornais e tamén dos nacionais e mesmo dos internacionais. Analizamos o tratamento informativo que recibiu este tema en dous medios impresos –La Voz de Galicia e El Correo Gallego- para comprobar se as informacións son coincidentes ou se se detecta censura de datos en favor da liña editorial ou doutro motivo. Centramos, pois, este traballo en discernir se a realidade se trasladou de igual maneira nestes medios para verificar se no tema da vaga de incendios houbo censura ou non.

PALAVRAS-CHAVE: Censura; manipulación informativa; liña editorial; fontes.

ABSTRACT

The tragedy occurred in the Galicia mountains in 2006, wherein 90.000 hectares of woods were burned according to official data, occupied the first pages of our newspapers and also of the Spanish ones, other international media. We analysed the informative handling received by that topic in two printed media – *La Voz de Galicia* and *El Correo Gallego* – to validate whether information was coincidental or censorship was detected due to publishing policies or other reasons. So, this work focuses on discerning whether real facts were portrayed equally in both newspapers, in order to identify signals of censorship.

KEY-WORDS: Censorship; informative manipulation; publishing policies; sources.

¹ DEA en Comunicación e Xornalismo, ademais de licenciado en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (España). Traballa como docente/investigador na mesma Universidade. Entre as súas liñas de investigación destacamos a comunicación institucional, o marketing e a publicidade. E-mail: josesixtogarcia@hotmail.com

1. A CENSURA INFORMATIVA

O concepto de obxectividade, de construción da realidade – coas súas vertentes de realidade real e realidade publicada –, mestúranse hoxe en día co concepto de poder e a presión que este exerce á hora de construír o temario dos medios e de elaborar as informacións. A práctica periodística está exposta ás presións e condicionamentos de tres actores. Por unha banda atópanse os propietarios dos medios de comunicación con intereses políticos, no caso dos medios públicos, ou intereses económicos, no caso dos medios de comunicación privados. Por outra banda, as presións que exercen os anunciantes, con forte poder para a supervivencia económica do medio. E por último atópase o poder político dos respectivos gobernos.

Todos estes actores condicionan a actividade dos medios. Cando existe unha imposición por parte do poder político ou económico de ocultar determinada información estaríamos falando da censura informativa. Estase impedindo a difusión de informacións ou comentarios contrarios aos intereses do poder ou molestos para eles:

Na actualidade existe censura e hai que chamala censura. Estes tempos son moi proclives a cambiar o nome das cousas. A censura é a intención consciente de que a xente non se entere do que acontece ou de todo o que acontece. Iso existe hoxe na información, o que pasa é que non é cousa do xornalista senón das liñas editoriais das empresas. O xornalista, como sabe isto, o que fai é autocensurarse a miúdo. A manipulación e o control da información son cuestións máis amplas e complexas pero evidentemente teñen que ver coa censura (REIG, 2003).

Moitas veces, desaparece a liberdade do xornalista para elaborar as súas informacións e son outros os que ditan os criterios informativos:

A maioría dos estudosos e comentaristas que trataron o tema, puxeron o acento no control que exercen as empresas dos medios de comunicación, cos seus intereses económicos e políticos, sobre os profesionais, marcándolles tanto informacións das que se han de ocupar, como doutras das que non han de falar, e como han de falar positiva ou negativamente. (MORENO SARDA, 1999, p. 37)

Non debemos esquecer o labor doutra figura fundamental ao falar da censura nos medios. Trátase dos gabinetes de comunicación que tamén exer-

cen presión para que as súas noticias aparezan nos temarios. E os medios de comunicación tamén se someten a esta tiranía. “Denunciouse tamén o peso dos gabinetes de información das empresas e institucións, que tanto proliferaron nos últimos anos [...], e que funcionan como oficinas de propaganda que presionan coas súas notas e dosieres” (MORENO SARDA, 1999, p. 37).

E, por último, diluída na censura encóntrase a autocensura dos propios xornalistas. É unha modalidade de censura asumida e interiorizada polo xornalista e que mesmo en moitos casos acaba repetindo como rutina do seu traballo cotián.

2. A INFORMACIÓN DE SUCESOS

A información de sucesos sempre foi moi recorrida nas páxinas dos xornais. Dende o ano 1888 en que se produciu o chamado “Crime de Fuencarral” os sucesos aumentaron a súa presenza nos medios de comunicación, naquela época impresos, pero pasaron tamén a ter un peso importante nos audiovisuais unha vez que naceron. 1888 foi o ano que se tomou para xustificar o nacemento do xornalismo sensacionalista en España (ou xornalismo de sucesos). Posto que os sucesos son algo cotián, sobre todo nos nosos días onde, varias investigacións sociolóxicas e estudos demostran que a violencia está a aumentar (HUERTAS, 2007), os sucesos cobran especial relevancia para a audiencia, sobre todo porque “as malas noticias son boas noticias” e porque “os sucesos espertan un enorme interese entre a poboación [...] Os sucesos foron e seguen sendo utilizados polos medios de comunicación para vender máis ou aumentar as súas audiencias, atraer máis publicidade e incrementar, así, os beneficios” (HERRERO AGUADO, 2003, p. 8).

Carmen Herrero (2003) define os sucesos como “feitos diversos, dunha variadísima tipoloxía, que xorden bruscamente e que cómpre tipificarlos, desde o punto de vista periodístico, como feitos efémeros, imprevistos e inesperados que non remiten a un contexto ou un ámbito extensivo en que teñan unha continuidade”. A información sobre incendios poderíamos incluíla, xa que logo, dentro da categoría de sucesos.

Na información de sucesos hai que incluír tamén as traxedias, as catástrofes e os desastres. Son sucesos pero moi a miúdo adquiren o carácter de información xeral pola magnitude do acontecemento, as consecuencias e o número de implicados. Suceden de forma repentina e de forma imprevista e esixen do medio e dos profesionais unha gran competencia e axilidade para darlles a cobertura máis axeitada. Hai que dar a información rapidamente, buscar as distintas fontes e contrastalas, moverse dun lado para outro e coordinarse para conseguir a máxima eficacia xornalística.

Montserrat Quesada (2003) tamén apunta que a información de sucesos é unha información que habitualmente causa alarma social, que é idónea para o sensacionalismo porque toda noticia de sucesos oculta sempre un drama humano e apunta como criterios de noticiabilidade: a xeneralidade, é dicir, o interese xeral que suscita todo suceso; a novidade, a excepcionalidade e a tempestividade ou actualidade do acontecemento.

O concepto de suceso implica unha ruptura dentro do que se entende por normalidade. Cómpre distinguir neste apartado dous tipos de sucesos, aqueles que son provocados polo ser humano (matanzas, atropelos, incendios...) e outro tipo que engloba aqueles outros naturalmente producidos (terremotos, algúns incendios forestais, riadas...). Neste caso, os incendios que analizamos poden enmarcarse en ambos os dous apartados, polo que non é preciso distinguir. É sabido que nin todos os lumes que arrasaron Galicia foron fortuítos nin todos tiveron por que ser provocados.

2.1 ENTRE O XORNALISMO DE SUCEOS E A ESPECIALIZACIÓN NO XORNALISMO MEDIOAMBIENTAL

Ao falarmos de información de incendios, falamos tamén de información de sucesos. Pero algúns autores chaman a atención sobre a necesidade de abordar estas noticias desde outra disciplina xornalística, a da especialización no periodismo medioambiental. Trátase dunha especialización con pouca presenza aínda nas redaccións dos medios de comunicación e que tamén busca os temas máis espectaculares, nomeadamente, as catástrofes ecolóxicas:

Os medios de comunicación réxense por uns procedementos rutineiros e a súa forma de seleccionar a información está moi estandarizada. Con frecuencia fannos chegar informacións sobre catástrofes ambientais, incendios forestais ou accidentes químicos, e un pregúntase por que escollen eses feitos restrinxidos dentro dunha gran gama de temas ecolóxicos. [...] Para os reporteiros de prensa o factor dramático dos sucesos supón contar cunha noticia atractiva [...] e o público tende a fixar a súa atención nos sucesos repentinos ou rechamantes, sen reparar na calidade da información que se lle está ofrecendo (FERNÁNDEZ PARRAT, 2006).

A información sobre os incendios poderíamos, pois, enmarcala dacabalo entre a información de sucesos, pero tamén desde esa perspectiva do periodismo medioambiental, que tamén abusa da espectacularidade dos acontecementos, neste caso das catástrofes naturais.

2.2 O PODER DA IMAXE: O USO DA FOTOGRAFÍA

O compoñente visual é importante tanto cando falamos de medios de comunicación audiovisuais como tamén no caso da prensa. A fotografía funciona como acompañamento das noticias, como reclamo e como información en si. E esa compoñente visual é aínda máis forte cando falamos de sucesos e catástrofes.

O uso que se lle dá á imaxe na prensa é de vital importancia ao falar do noso obxecto de estudo. A información sobre incendios ten unha parte visual moi potente e a prensa explota tamén o poder comunicativo a través das fotografías. Este tipo de sucesos xogan co impacto da imaxe, o xogo visual e os efectos que pode producir no lector mesmo poden ser maiores ca calquera texto escrito.

Christian Doelker refírese ao poder da imaxe nos medios de comunicación e fala do comentario, da transmisión de información por medio da imaxe. “Debido ao costume visual [...] adoitamos considerar a imaxe como nivel de acontecemento e, correspondentemente, o son (transcendente á imaxe) como nivel de acompañamento” (DOELKER, 1982, p. 60). Doelker fala do son porque se refire ás noticias audiovisuais, pero o mesmo papel xogaríaa a palabra e o texto escrito no medio prensa:

Non hai dúbida de que os medios ópticos e electrónicos ofrecen enormes posibilidades de aproximación á realidade. No entanto, os medios non poden reproducir a realidade polo mesmo feito de que tamén son válidas as distintas limitacións aplicables á captación directa, non medial, da realidade. [...] Ao captar a realidade a través dos medios, habería que mencionar aínda outras limitacións, que deixan ver a reprodución como un proceso fortemente restritivo (DOELKER, 1982, p. 61).

O xornalista e os medios de comunicación deciden que é o que queren comunicar a través da imaxe e escollen as fotografías en función dos seus obxectivos comunicativos. O mesmo fai o fotógrafo co seu encadre. “O mundo captable a través dos cinco sentidos sofre, mediante a conversa medial, unha redución a un campo perceptivo de dous ou incluso dun sentido” (DOELKER, 1982, p. 71). En definitiva, teríamos que falar de novo da realidade real e da realidade transmitida.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que perseguimos con esta investigación son os seguintes:

a) Comprobar o grao de penetración e a incidencia do acontecemento no temario destes medios para ratificar a presenza da noticia nos temas publicados e ao tempo verificar se se presenta como acontecemento illado ou, pola contra, como información en continuidade que sitúa o receptor nun *continuum* en que tamén se alude a informacións analíticas e interpretativas, de contexto e *background*.

b) Asemade discernir se esa incorporación ao temario é semellante nos dous medios ou se varía no tratamento. Trátase, entón, non só de verificar a presenza no temario, senón tamén de cualificar a intensidade desa presenza en canto a espazo, colocación entre os temas publicados, inclusión de fotografías ou notoriedade na páxina.

c) Delimitar, polo tanto, as diferenzas de contido entre un medio e outro para averiguar se as informacións son semellantes ou se uns ofrecen datos que outros ocultan. Amais comprobarase o grao de interese –o valor-noticia deses datos que só accederon ao temario nun medio determinado- para decidir se non foron publicados porque non acadaron o valor de noticiabilidade necesario ou se foron agochados (censurados) polo medio.

d) Evidenciar ata que punto os medios empregan como fontes principais as institucionais para dar cobertura ao feito ou se acoden a outras fontes para contrastar a información.

4. METODOLOXÍA

Cinguimos a mostra de estudo deste traballo aos lindes xeográficos, temporais e mediáticos que seguen:

a) Delimitación xeográfica: acoutamos o marco da investigación á comarca de Santiago por tratarse dunha das máis afectadas polos lumes e á vez representativa en canto ás variables poboacionais e xeográficas que caracterizaron os incendios do verán 06.

b) Delimitación temporal: do luns 7 de agosto ao mércores 9 foi un dos períodos en que máis lumes se produciron en Galicia. Será este, por tanto, o período ao que axustaremos esta investigación.

c) Delimitación informativa: eliximos dous medios impresos que deron cobertura á vaga de incendios na comarca de Santiago. En primeiro lugar, un medio de cobertura rexional con edición local para Santiago – *La Voz de Galicia* – e logo outro medio local – *El Correo Gallego*.

Procedemos á recompilación en hemeroteca das informacións publicadas en ambos os dous xornais durante o período sinalado.

Unha vez feito o baleirado de contidos, o seguinte paso foi analizalos en función dos ítems de estudo –referidos a aspectos cuantitativos- que definimos en fichas referidas á noticia en si e mais ás fontes, tendo en conta que “o deseño ideal [da investigación] recolle a máxima cantidade de información cun mínimo gasto de tempo e recursos” (WIMMER & DOMINICK, 1996, p. 24). De seguido, decidimos completar outras fichas de carácter comparativo en que reflectir as diferenzas de contido en canto á información e ás fontes entre os dous xornais que analizamos.

Analizadas cada unha das informacións publicadas en función dos ítems requiridos na ficha comparativa, os datos obtidos trasladámoslos a unhas novas táboas que permiten apreciar as diferenzas entre un xornal e o outro – tanto os relativos ás noticias coma ás fontes. É así como se obtiveron as porcentaxes – resultados cuantitativos –que nos permitiron extraer as conclusións desta investigación, pois permitíronnos comprobar as diferenzas entre un medio e mais o outro.

5. ESTUDO DE CASO

Durante os tres días de estudo nos medios analizados aparecen un total de 46 noticias referidas aos lumes que se produciron na comarca de Santiago. Delas 30 aparecen en *El Correo Gallego* e 16 en *La Voz de Galicia*, polo que xa neste primeiro punto atopamos unha diferenza substancial entre os dous rotativos. Referímonos a que no xornal compostelán aparece moita máis información referida aos lumes en Santiago ca en *La Voz de Galicia*, onde moitos deles non aparecen reflectidos.

De acordo coas teorías da lectura occidental, lembramos que o ollo humano percibe moito antes os estímulos e as percepcións que acontecen na dereita ca na esquerda, unha herdanza que se constata no xeito de lectura de esquerda a dereita. Por este motivo, quixemos comprobar cantas destas noticias se colocaban en páxina impar (dereita) e cantas en páxina par (esquerda). *La Voz de Galicia* sitúa o 56,25% das noticias sobre os lumes en páxina impar, fronte a *El Correo Gallego* que o fai co 60% delas. A interpretación é evidente: non só este tipo de información goza de maior relevancia no rotativo local en canto ao número de noticias publicadas, senón tamén en canto á súa colocación dentro do xornal.

Esta consideración volve repetirse se analizamos as ocasións en que as noticias aparecen referidas en primeira páxina. Mentres que *La Voz de Galicia* leva o 52,63% das noticias á primeira plana, *El Correo* faíno no 70% dos casos.

Pero ademais outro aspecto relevante é que no primeiro caso aparecen en primeira un total de 10 fotografías durante os días analizados, mentres que no segundo son 25.

En canto á localización da información dentro do xornal, conséntase de novo que o diario compostelán outorga moita máis información aos feitos, trazo que é comprensible se se ten en conta o ámbito de difusión do rotativo. Quérese dicir que as noticias que a publicación compostelá sitúa no tema do día na maioría dos casos non acadan a relevancia informativa suficiente como para acceder á sección de tema do día de *La Voz de Galicia* por ter que competir na canle de acceso con outras de notoriedade semellante e que afectan a outras zonas do país. Nestas ocasións o que *El Correo* sitúa nas páxinas de apertura, *La Voz de Galicia* opta por trasladalo ás follas da edición local e mesmo a relegalo ás páxinas interiores do suplemento, entendemos que para non abrir a edición común e máis a específica coa mesma temática. Así pois, no 68,75% dos casos *La Voz de Galicia* opta por trasladar á sección de local a información relativa aos lumes en Santiago e só no 31,25% das ocasións se recollen na edición para toda Galicia dentro da sección 'A fondo' que identificamos como tema do día. En cambio, en *El Correo Gallego* prodúcese xusto o contrario e o 100% das noticias aparecen tratadas como tema do día, abren a sección e ocupan varias páxinas interiores.

O lector interesado na información sobre os lumes na comarca de Santiago poderá ter un acceso á información moito máis satisfactorio se as informacións aparecen agrupadas atendendo ao criterio da proximidade xeográfica. Este é o motivo que nos levou a comprobar que porcentaxe de noticias vinculadas á delimitación xeográfica estudada aparecían mesturadas con outras referidas a outros lugares. En *La Voz de Galicia* o 75% das noticias relacionadas con lumes na comarca compostelá non comparten páxina con outras vinculadas a outros lugares, mentres que só o 53,33% das publicadas en *El Correo Gallego* se refiren en exclusiva a esta comarca, xa que no resto das ocasións adoitan compartir páxina coas referidas a outras comarcas próximas coma a do Deza, o Sar ou o Barbanza. De todas formas, a identificación do espazo nas noticias do diario santiagués reflíctese no 100% das ocasións fronte ao 93,75% das veces que sucede no diario rexional. Este dato trasládase tamén á identificación do tempo, mentres que *El Correo Gallego* faino no 76,66% dos casos.

Que o rotativo compostelán publique máis noticias con relación a este tema non quere dicir de antemán que ofrezca unha información máis porme-
norizada e analítica. Comprobamos que o 66,66% das informacións que publi-

ca *El Correo* son breves, mentres que 43,75% das que difunde *La Voz* son tamén breves. Aínda que a primeira vista pareza que o diario local difunde máis breves que *La Voz*, non é certo porque o número de noticias aparecidas neste xornal é inferior ao número total que publica o rotativo compostelán e, de feito, *La Voz* aposta polos breves nun 10,66% máis das ocasións do que o fai o outro xornal estudado. O habitual é que ambos os dous xornais presenten a información en forma de noticia, aínda que en determinados casos apostan por outro tipo de xéneros informativos máis analíticos e interpretativos. Estamos a referirnos ás reportaxes – *La Voz* incorpora dúas e *El Correo* tres –, á crónica –dúas fronte a unha– e á entrevista que só recolle nunha ocasión o diario local. Con respecto á cabeza de titulación non se observan diferenzas salientables entre os dous xornais, agás que o periódico santiagués non emprega ningún antetítulo, fronte aos 5 que emprega *La Voz de Galicia*.

Agás a fotografía de primeira plana que sempre é en cor en ambos os dous xornais, consideramos relevante averiguar cantas fotografías se incluían no xornal e que porcentaxe das incorporadas nas páxinas interiores eran en cor e cantas en branco e negro, posto que a fotografía provoca no lector un forte impacto visual e complementa e apoia a información do texto escrito. *La Voz de Galicia* empregou un total de 19 fotografías – das que só o 1,9% son en cor –, fronte ás 32 que publicou *El Correo Gallego*, todas elas en branco e negro. No primeiro caso, o 21,87% das fotografías complementáanse coa información textual do pé de foto que explica e contextualiza a imaxe, en cambio, no segundo exemplo a presenza do pé de foto é un pouco inferior, do 21,05%.

Á parte da fotografía outro dos métodos máis empregados na prensa escrita como complemento da información é a infografía que se utiliza como apoio gráfico e esquemático do que se conta no texto, ao tempo que permite ao lector unha visión máis rápida dos datos. Os resultados da investigación apuntan a que *La Voz de Galicia* emprega a infografía no 12,50% das ocasións e, pola contra, *El Correo Gallego* non a utilizou en ningunha ocasión. Malia todo, a pesar de que o apoio gráfico foi menor no rotativo compostelán que no autonómico, sucede á inversa ao contabilizar as ocasións en que se recorre a outros elementos textuais que complementen o corpo da noticia. Só se empregaron en *El Correo Gallego* no 15% das noticias e tratouse de despeces no 100% dos casos.

Outro factor importante á hora de poder ofrecer información de primeira man baséase no contacto directo do xornalista co lugar en que se produciron os feitos. *La Voz* non recorre nunca á información de axencia, mentres que *El Correo Gallego* faino no 3,33% das situacións e no resto non especifica se é información de axencia ou recadada polos propios xornalistas.

Analizamos tamén o número de fontes que aparecían en cada unha das informacións e a súa categorización. En *La Voz de Galicia* recorren á consulta de 15 fontes e en *El Correo Gallego* a 29. No primeiro caso conséntase unha maior presenza das fontes privadas, xa que o 60% das fontes pertencen a esta categoría, repartidas nun 22,2% correspondentes a entidades, 55,5% a persoas e 11,1% a colectivos e empresas respectivamente; mentres que un 40% das fontes son institucionais. En canto á relación cos feitos o 66,6% son protagonistas dos feitos, o 13,3% expertos ou especialistas sobre o tema e o 20% voceiros ou representantes. Con respecto a *El Correo Gallego*, as fontes privadas volven ser maioría (68,96%), fronte ao 31% de fontes institucionais. Neste caso o 31% pertencen a entidades, o 13,8% a persoas e o 24,1% a colectivos. As testemuñas son as fontes que predominan con respecto á relación cos feitos (41,38%), seguidas dos protagonistas (20,69%), os voceiros (24,1%) e, finalmente, os expertos ou especialistas (13,8%). O estilo predominante en ambos os dous xornais é o directo, 66,7% dos casos en *La Voz de Galicia* e 65,51% en *El Correo Gallego*. Así as cousas, hai un predominio das fontes privadas, principalmente de persoas ou entidades que son protagonistas dos feitos.

6. CONCLUSIÓN FINAIS

Se prognosticabamos que os dous xornais empregaron a institucional como principal fonte informativa durante a vaga de lumes, isto non ocorre e as fontes privadas son as que predominan, sobre todo as de persoas ou entidades que son protagonistas ou testemuñas directas dos feitos. Certo é tamén que se recorre ás fontes institucionais, especialmente á Consellería de Medio Rural, para buscar cifras exactas sobre o número de incendios activos ou a súa localización, e que nestes casos os xornais non contrastan a información con outras fontes. Malia todo, os afectados polos incendios son os principais protagonistas das informacións e o peso das súas declaracións é maior ao das fontes institucionais.

El Correo Gallego publica máis informacións e na maioría dos casos son máis analíticas e interpretativas e mesmo aparecen complementadas con outro tipo de recursos textuais coma os despeces. Por ser un medio local as informacións referidas a Santiago ocupan a sección do tema do día, mentres que en *La Voz de Galicia* teñen que competir con outras de notoriedade semellante pero que afectan a outros lugares que non abrangue o radio do rotativo local. No entanto, a información fotográfica e infográfica que ofrece *La Voz de*

Galicia é máis relevante tanto no número de aparicións coma nas propiedades da información gráfica, xa que son maioría as veces en que se publican fotografías en cor e no caso do rotativo compostelán nunca empregan a infografía. Polo tanto, conséntase que a información textual é máis ampla e analítica no caso de *El Correo Gallego* pola correspondencia entre o foco do estudo e o ámbito de difusión do xornal, pero en canto á información gráfica *La Voz de Galicia* ofrece ao lector máis e mellores documentos.

El Correo Gallego publica máis informacións e de xeito máis detallado do que o fai *La Voz de Galicia* debido ao seu ámbito de difusión e á correspondencia entre o foco do estudo e a zona á que se dirixe a publicación. Hai, pois, informacións que só se publican neste xornal e que *La Voz de Galicia* non recolle por non ter interese para o temario galego e por competencia temática na edición local. De todos os xeitos, ambos os dous xornais recollen máis información ca trasladada directamente desde o gabinete da Consellería de Medio Rural e os propios xornalistas buscan a historia persoal, polo que os datos oficiais quedan unicamente reflectidos na contabilización dos lumes e na súa ubicación xeográfica, mentres que son maioría as noticias –e, sobre todo, crónicas e reportaxes– que se enchen con historias testimoniais baseadas no contacto directo entre fonte-xornalista.

Os resultados da investigación apuntan a que os datos non se contradín entre os dous xornais, simplemente que hai certos feitos que *El Correo Gallego* recolle e *La Voz de Galicia* non o fai. As informacións que incorporan os dous presentan diferenzas no tratamento ou no enfoque, pero non nos datos obxectivos, polo que non se constata a existencia da censura nun xornal determinado en relación ao outro.

E, por último, concluímos que as informacións e os datos son coincidentes nos dous xornais, agás naqueles casos en que se busca unha historia particular.

REFERÊNCIAS

COLOMBO, F. **La televisión como espectáculo**. Barcelona, 1976.

DOELKER, C. **La realidad manipulada: radio, televisión, cine y prensa**. Barcelona, 1982.

DAVIS, F. **La comunicación no verbal**. Madrid, 1992.

DURANDIN, G. **La información, la desinformación y la realidad**. Barcelona, 1995.

FERNÁNDEZ PARRAT, S. La información ambiental en los medios de comunicación. Dificultades y retos. **Revista Telos de Comunicación**, n. 68, 2006.

FERNÁNDEZ DEL MORAL, J.; ESTEVE RAMÍREZ, F. **Fundamentos de la información periodística especializada**. Madrid, 1993.

HERRERO AGUADO, C. **Periodismo de sucesos y tribunales**. Sevilla, 2003.

HUERTAS, D. **Violencia, la gran amenaza**. Madrid, 2007.

LABIO BERNAL, A. **Comunicación, periodismo y control informativo**: Estados Unidos, Europa y España. Barcelona, 2006.

MORENO SARDÁ, A. Viejas y nuevas formas de censura en la sociedad de la información. **Comunicar**, n. 13, 1999.

QUESADA, M. La especialización en sucesos y tribunales. In: LOSADA VÁZQUEZ, A. **El periodismo de fuente**. Salamanca, 2003. p. 237-244.

PÉREZ RODRÍGUEZ, M. **Los nuevos lenguajes de la comunicación**. Barcelona, 2004.

PÉREZ TORNERO, J. M. **Comunicación y educación en la sociedad de la información**. Barcelona, 2000.

REIG, R. Los medios de comunicación al servicio de sí mismos: censura, información, públicos y alternativas, In: Luces en el laberinto audiovisual. Congreso Iberoamericano de Comunicación y Educación, 2003. **Anais eletrônicos...** Disponible em: <<http://www.ateiamerica.com/doc/losmedioscomunica.pdf>>.

SOENGAS, X. **Informativos radiofónicos**, Madrid, 2003.

WIMMER, R.; DOMINICK, J. **La investigación científica de los medios de comunicación: una introducción a sus métodos**. Barcelona, 1996.